




# Exhibición de actividades extraescolares

7 de xuño de 2014



**Vémonos en setembro...  
bo verán!**



<http://anpabrigantium.blogaliza.org/>  
email: [anpabrigantium@gmail.com](mailto:anpabrigantium@gmail.com)

## Calendario provisional actividades extraescolares 2014-2015

HORARIO	16:00 - 17:00	17:00 - 18:00	18:00 - 19:00	19:00 - 20:00	20:00 - 21:00	HORARIO
LUNS	BALONCESTO 4-9 XIMNASIA RITMICA 7-8 TAE KWONDO PSICOMOTRICIDADE 3-6	BALONCESTO 10-12 XIMNASIA RITMICA 9-12 TIRO CON ARCO 6-12 EXPRESION CORPORAL 4-6	KARATE 7-12			LUNS
MARTES	FUTBOL SALA 5-6 KARATE 4-6 PATINAXE 8-12 XIMNASIA RITMICA 6	FUTBOL SALA 7-8-9 PATINAXE 3-7 XIMNASIA RITMICA 3-5 BAILE 3-12	FUTBOL SALA 10-11	FUTBOL SALA 12-13 TENIS 6-8	TENIS 9-12	MARTES
MERCORES	BALONCESTO 4-9 XIMNASIA RITMICA 7-8 TAE KWONDO	BALONCESTO 10-12 XIMNASIA RITMICA 9-12 TIRO CON ARCO 6-12 EXPRESION CORPORAL 4-6	KARATE 7-12			MERCORES
XOVES	FUTBOL SALA 5-6 KARATE 4-6 XIMNASIA RITMICA 6 PATINAXE 8-12 PSICOMOTRICIDADE 3-6	FUTBOL SALA 7-8-9 XIMNASIA RITMICA 3-5 PATINAXE 3-7 BAILE 3-12	FUTBOL SALA 10-11	FUTBOL SALA 12-13		XOVES
VENRES	TENIS 6-8	TENIS 9-12				VENRES

### COLE NOVO EN SETEMBRO

As obras do novo colexio de infantil seguen a bo ritmo. Todo parece indicar que en setembro estará rematado e confiamos en que se poida comezar o novo curso alí.

### BANCO DE LIBROS

Agora que remata o curso, poñerémonos en contacto coas familias interesadas a través do enderezo electrónico, para tratar este asunto.

### ACTIVIDADE EXTRAESCOLAR ESPECIAL

Como xa sabedes, trala reunión informativa que tivemos o pasado mes de maio por parte de **Nenoos**, temos previsto ofertar de maneira especial e extraordinaria neste vindeiro curso a actividade de cálculo mental con ábaco. Para poder organizar os grupos e o lugar onde levala a cabo, necesitamos saber os nenos que están interesados.

Xunto con este boletín achegamos unha folla de preinscrición que unha vez cuberta poderedes entregar na secretaría, no nosa caixa de correo ou enviala ao noso e-mail.

[anpabrigantium@gmail.com](mailto:anpabrigantium@gmail.com)

## ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES CURSO 2014-2015

Tal e como se aprobou en asemblea extraordinaria, o pasado 28 de marzo, o **Club Santo Domingo** levará o próximo curso a xestión das actividades extraescolares que organiza a **Anpa Brigantium**.

O custo das actividades aumenta un pouco, xa que ata agora viñan sendo deficitarias, pasando a ser de **100 euros** ao ano para os socios e de **125 euros** para as familias non socias.

Tentamos manter tanto o número de actividades coma os horarios, aínda que houbo que facer pequenas variacións para unha mellor xestión das instalacións e organización das actividades.

Elimínase **Cociña Creativa**, debido a pouca cantidade de nenos que se anotaron os pasados cursos, e ampliamos a oferta con **Taek Wondo**. O resto de actividades mantéñense cos mesmos monitores de este curso.

Este é o **calendario previsto** para as Actividades Extraescolares do curso 2014 - 2015, pero pode que sexa necesario realizar algunha modificación en función das preinscricións que se realicen.

Ao inicio do curso entregaranse as follas para a preinscrición das actividades e o calendario definitivo estará exposto na porta do colexio a **fináis do mes de setembro de 2014**.

Agardando que a nosa proposta sexa do voso interese, desexámosvos unhas boas vacacións de verán e ata ó vindeiro curso.